

DIDÁCTICA DA EDUCACIÓN INFANTIL

U.D.2. O TRABALLO NA ESCOLA INFANTIL

1.	A INFANCIA: HISTORIA E LEXISLACIÓN ESPECÍFICA.....	4
1.2.	A HISTORIA DA ESCOLA INFANTIL.....	4
	JUAN AMÓS COMENIUS (1592-1670).....	5
	J.J. ROUSSEAU (1712-1778).....	6
	JOHAN HEINRICH PESTALOZZI (1746-1872).....	7
	A ESCOLA NOVA.....	7
	FRÖBEL:.....	8
	DECROLY.....	8
	IRMÁNS AGAZZI.....	8
	MARIA MONTESSORI.....	9
	ROSA SENSAT.....	10
1.3.	OUTROS MODELOS PEDAGÓXICOS.....	10
	EMMI PIKLER.....	10
	REGGIO-EMILIA.....	11
	ESCOLAS INFANTÍS PISTOIA.....	11
	PEDAGOXÍA WALDORF.....	12
2.	ANÁLISE DA LEXISLACIÓN EUROPEA, ESTATAL E AUTONÓMICA DE SERVIZOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA NO ÁMBITO FORMAL E NON FORMAL.....	13
	LEXISLACIÓN INTERNACIONAL.....	13
	CONVENCIÓN SOBRE OS “DEREITOS DO NENO” (NOVA YORK, 20 DE NOVEMBRO DE 1989)	13
	LEXISLACIÓN DE ÁMBITO NACIONAL:.....	13
	CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA.....	13
	CÓDIGO CIVIL.....	14
	LEI DE AXUIZAMENTO CIVIL.....	14
	LEI 1/1996 DE 15 DE XANEIRO DE PROTECCIÓN XURÍDICA DA MENOR E DE MODIFICACIÓN DE DETERMINADOS ARTIGOS DO CÓDIGO CIVIL E DA LI DE ENXUIZAMENTO CIVIL (BOE, 15 XANEIRO DE 1996).....	15
	LEI ORGÁNICA 2/2006, DE 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.....	15
	A LEI ORGÁNICA 8/2013, DO 9 DE DECEMBRO, PARA A MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA (LOMCE).....	15
	LEI ORGÁNICA 3/2020, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE MODIFICA LOE DE 2006 (LOMLOE).....	16
	NORMAS AUTONÓMICAS.....	17

3. INTERVENCIÓN EDUCATIVA EN CONTORNAS BILINGÜES. LEXISLACIÓN ESPECÍFICA E SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DE GALICIA.....	18
PLURILINGÜÍSIMO NA EDUCACIÓN INFANTIL.....	19

1. A INFANCIA: HISTORIA E LEXISLACIÓN ESPECÍFICA.

O concepto de infancia estableceuse en relación ás concepcións (características) de cada sociedade, de modo que cada movemento social determinou que é e que se espera dos nenos e nenas, de cada neno e nena.

Ata o século XVII, non se pode afirmar que existe unha atención ao neno sobre a base das súas necesidades, sendo considerado como un ser inmaturo, imperfecto, e pouco importante.

Pouco despois, no século XVIII a revolución industrial trouxo consigo modificacións radicais que fixeron posible un novo modelo de atención e de educación da infancia.

A historia móstranos grandes personaxes que, coas súas investigacións, o seu traballo, e o seu compromiso pola primeira infancia, tiveron tanta repercusión e acerto, que chegaron ata a actualidade e seguen aínda vixentes.

1.2. A HISTORIA DA ESCOLA INFANTIL.

Os modelos didácticos son, entre outras cousas, unha descrición e análises de ambientes de aprendizaxe, onde se producen os procesos de ensino, que axudan a definir e delimitar termos, ademais de como as accións han de realizarse. Constitúen, en definitiva, unha ideoloxía e unha práctica.

Os inicios dos modelos didácticos en educación infantil encontrámoslos en J.A.Comenius (1592-1670), J.J. Rousseou (1712-1778), e en J.E. Pestalozzi (1746-1827). Pola súa relevancia na construción do modelo teórico no que se fundamenta a escola nova considéranse precursores de este movemento de renovación pedagóxica.

EXEMPLOS DA CONCEPCIÓN DA INFANCIA

Na india, a organización social está estruturada en cinco castas, 3 superiores e dous inferiores, que se caracterizan por ser pechadas, e hereditarias, a pertenza do neno a unha delas vai condicionar as atencións e educación que recibe. No mundo clásico, gregos e romanos, coidaron con especial esmero os nenos das clases sociais elevadas.

Na antiga Grecia a educación dos nenos tiña como obxectivo o seu desenvolvemento para o sostemento dos pais na vellez, mentres que as nenas non recibía instrución formal.

JUAN AMÓS COMENIUS (1592-1670)

Pertenceu á Unión de Irmáns Bohemios, onde achego a súa ardente fe e incansable actividade, sendo primeiro pastor e logo bispo.

Inicia unha serie de investigacións movido polo ideal dunha organización de todo o saber. Sofre a guerra dos trinta anos e refúxiase en Polonia, actuando alí como profesor de segundo ensino.

As súas principais obras son "Didáctica" e " Informatario da escola maternal".

Dividiu o ensino en 4 épocas de 6 anos cada unha, sendo a primeira aquela que debe correr a cargo das nais e pasando despois polo ensino primario.

Profundamente relixioso e amante da paz, concibiu unha reforma completa da educación, logrando exercer unha influencia en se século e no seguinte, mesmo se lle considero un dos mestres da pedagogía moderna. Considero o interese xa a actividade do neno como alma e principio motor do ensino.

Defendeu a escola para todos sen distinción ningunha, e sinala aos poderes públicos como responsables de se difusión e organización para o ben de toda a sociedade.

Os principios nos que se apoia o seu modelo:

- Importancia da educación dos nenos na familia nas primeiras etapas.
- A motivación é fundamental no neno: partir da súa curiosidade.
- Material didáctico axeitado.
- Necesidade de desenvolver a percepción do neno: respectar o seu ritmo e as súas capacidades.

JUAN AMOS COMENIUS

“Comezando sempre polo primeiro para chegar ó último, polo máis alto para chegar ó máis fondo, do máis fácil ó máis difícil ata superar o difícilísimo. Das cousas pequenas e singulares ás complicadas e de alí ó máis complicado”

J.J. ROUSSEAU (1712-1778)

Nace en xenebra. A súa vida foi moi axitada e en moitas das súas accións contraditorias co que explicaba nos seus libros.

As súas ideas pedagóxicas encóntranse explicadas e definidas en varias das súas obras, especialmente en "Emilio".

“Emilio” unha obra escrita en cinco libros que tratan o seguinte:

- Libro I: coñecemento da natureza humana e a educación do neno ata os 2 anos.
- Libro II: a infancia de 2 a 12 anos. Adquisición, consciencia e liberdade.
- Libro III: dos 12 aos 15 anos: aprendizaxe dun oficio.
- Libro IV: a educación de Emilio ata o matrimonio. Formación moral.
- Libro V: a entrada no grupo social e a educación da muller no matrimonio.

As ideas educativas esenciais de Rousseau resúmense en:

- O naturalismo: Rousseau, está convencido de que o neno nace bo por natureza, pero é a sociedade quen o corrompe.
- A adaptación ás etapas do desenvolvemento: afirma que a acción educativa debe adaptarse ás ao desenvolvemento de cada etapa.
- A coordinación de experiencias: O educador é quen propón situacións novas ao neno, quen promove o seu interese para que descubra o que o rodea.

Rousseau asentou as bases do que máis tarde foi a revolución pedagóxica e constituíu o fundamento da escola nova.

ROUSSEAU, AS CONTRADICCIÓNS DO XENIO

Namorouse dunha costureira chamada Therese Levasseur coa que nunca casou e coa que tivo cinco fillos, todos eles levados a orfanatos públicos, ningún sobreviviu aos primeiros meses de vida. Nas súas Confesións, lémbraos cando di: “Debido a que non me atopaba en condicións de educar eu mesmo ós meus fillos sería necesario deixalos medrar xunto á súa nai, cousa que os viciaría, converténdooos en monstros. Estreméceme este mero pensamento”

JOHAN HEINRICH PESTALOZZI (1746-1872)

Nace en Zurich e as súas obras máis importantes son: "Como Gertrudis instrúe ós seus fillos" e "Libro de las madres".

É un apaixonado admirador de Rousseau e Kant e consideraba que a educación comeza no mesmo momento do seu nacemento, e que son as mulleres, polo súa proximidade ao neno/ás principais encargadas desta tarefa, polo que é importante que estean ben preparadas e formadas.

Destaca o seu compromiso por facer chegar a educación aos sectores sociais máis sinxelos e marxinados, pódese considerar como o precursor da escola pública.

Influído pola obra de Rousseau, formula o seguinte:

A educación da escola debe ser complementaria á da familia e á da vida. A suma das tres leva á formación da persoa.

A ESCOLA NOVA

É un movemento pedagóxico que xurdiu en Europa e Estados Unidos a principios do século XX . Xorde un novo enfoque pedagóxico que converte á infancia en suxeito, e non en obxecto, da práctica educativa.

Parte de dúas premisas:

- Unha nova concepción do neno/a como suxeito cheo de posibilidades e de dereitos, e protagonista absoluto do proceso educativo. Non é un mero receptor.
- -Unha nova metodoloxía pedagóxica na que a actividade e ou xogo son elementos educativos de primeiro orde e que respecta individualidade do neno/a e potencia ou seu desenvolvemento afectivo, social, moral e cognitivo.

Actividade: como forma de aprendizaxe, a través da acción observase, experimentase, coñécese e sedúcese.

Socialización: o neno/a é un ser social, aprende cooperando.

Interese: a cada idade corresponden uns intereses, nos que se basea a educación.

Individualización: cada neno/a é diferente, a educación terá que adaptarse ás necesidades e ritmo de cada un.

Globalización: o neno/a percibe o mundo como un todo. Así, os contidos estrutúranse en unidades globais.

Os representantes máis significativos son: FRÖBEL, DECROLY, MONTESORI, HERMANAS AGAZZI i en España ROSA SENSAT.

FRÖBEL:

Foi un Pedagogo alemán, creou o primeiro Xardín de infancia, "Kindergarten". A súa principal obra é "Los cantos de la Madre", dirixidas as nais onde recollen diferentes xogos, ilustracións e cancións dando instrucións pedagóxicas. Elaborou ademais materiais didácticos denominados "dones" ou regalos, entre eles podemos destacar cubos, cilindros, esferas de material sólido, coloreados e desmontables de modo que o neno/a poida realizar traballos de creación, desenvolvendo a súa fantasía.

DECROLY

Nado en Bélxica, estudou medicina en Bruxelas, e especializouse no tratamento dos nenos/as con necesidades especiais, fundando un centro para a súa educación. "Recolé de l' ermitage". A súa metodoloxía céntrase nos centros de interese.

Os materiais clasifícanse en función das diferentes capacidades que desenvolven os xogos educativos e deben proceder preferentemente de obxectos da vida diaria antes que de formas abstractas.

IRMÁNS AGAZZI

As irmás Agazzi nacen en Italia. Estudan para mestras e destacan polos seus intentos de renovación da escola tradicional. Fundan os dous primeiros "parvularios" en Monpiano e alí organizan e dan vida ó seu método.

O seu método pretende formar nenos capaces de actuar por iniciativa propia no seo dun ambiente natural e alegre, onde prima a actividade e o coñecemento da realidade. O método baséase no uso de obxectos. O neno é o que elixe que actividade fai en cada momento. Consideran a importancia de crear un ambiente escolar o máis parecido ao de casa, acolledor, natural, afectuoso, para lograr continuidade entre a casa e a escola, e unha educación integral, global e relixiosa.

Para a realización das actividades propoñen a utilización de diferentes tipos de materiais caseiros, cotiáns, proporcionados por o medio e a creación do que denominan o Museo Didáctico.

Que é o Museo Didáctico? O Museo Didáctico constitúeno coleccións variadas de pequenos obxectos que os nenos e os educadores van achegando, con características de sinxeleza e claridade, o que os converte en atractivos para eles e estimulan o xogo e a posibilidade de adquirir coñecementos relacionados con tamaño, volume, forma, etc....

MARIA MONTESSORI

Era de Italia e a súa procedencia é do campo da educación con nenos deficientes. Baseada nas súas experiencias crea " La casa dei Bambini".

As súas ideas pedagóxicas son: puerocentrismo, principio de liberdade non represión, actividade e auto educación.

En que se fundamenta este método? O método Montessori fundaméntase nos seguintes principios:

- Todo xira en torno ao neno: Coñecemento profundo e científico das súas características.
- Autoeducación: O neno é capaz de desenvolver as súas propias capacidades se se lle proporciona o ambiente e material axeitados.
- ambiente debe estar libre de obstáculos e conter os materiais necesarios.
- neno é un ser único que ten que alcanzar a súa propia autonomía.
- neno ten necesidade de liberdade e disciplina pero cuns límites que lle permitan expresala sen prexudicar ao outro.
- O adulto debe intervir dunha forma respectuosa, prudente e discreta. A educadora "montessoriana" non impón, non insignia, senón que guía, vixía, acompaña...

A pesar diso moitas escolas montessorianas adaptando os seus principios á realidade actual continúan funcionando hoxe en día, estendidas en España por todas as Comunidades Autónomas.

Os materiais deste método son a achega máis importante deste modelo, axudan á autoconstrución e ao desenvolvemento psíquico. Aparecen clasificados en 4 aspectos xerais:

- Exercicios da vida cotiá
- Materiais sensoriais
- Materiais cognitivos
- Materiais culturais

ROSA SENSAT

De Orixe catalán, contribuíu á educación pública nas primeiras décadas do s. A súa ideoloxía deu pé a un movemento de formación do profesorado ata a actualidade, creando unha Escola de Formación do Profesorado que leva o seu nome.

Os principios baséanse no neno e na sociedade que lle rodean nese momento, grande importancia á lingua materna, material recollido do ámbito polos nenos metodoloxía en contacto coa natureza, escola social e cooperativa.

1.3. OUTROS MODELOS PEDAGÓXICOS

EMMI PIKLER

Emmi Piker Pediatra austríaca que estableceu que ademais de atender ás necesidades fisiolóxicas do neno/a é moi importante realizar un traballo de prevención.

Entre os principios educativos de Emmi Piker destacan:

- Respecto polo neno/a. Isto implica un coñecemento do mesmo e das súas necesidades.
- Valorar e ter presentes as capacidades e potencialidades de cada un.
- Cada neno/a ten o seu propio ritmo de desenvolvemento: é importante non forzalo.
- O movemento e o xogo libre son fundamentais no desenvolvemento integral do neno/a.
- Satisfán as necesidades de movemento de experimentación e investigación e favorecen as relación co medio que lle rodea. O educador/a acompaña, non dirixe.
- O neno/a ten una vida afectiva e emocional intensa dende o seu nacemento, e este é un elemento fundamental no seu desenvolvemento integral.

REGGIO-EMILIA

Reggio- Emilia é o nome dunha zona do norte de Italia na que, unha vez terminada a Segunda Guerra Mundial, púxose en marcha un proxecto educativo moi novidoso, totalmente diferente do que ata ese momento se realizara.

Moitos foron os mestres e profesionais da educación que se involucraron neste movemento. Entre eles destacou Loris Malaguzzi. (1920- 1994).

- Características:
- Neno/a é un ser activo con moitas posibilidades. O neno/a é o protagonista . todo o que sucede na escola está pasando para a satisfacción das súas necesidades e o desenvolvemento das súas capacidades.
- Ofrecer un espazo de convivencia onde as necesidades dos nenos/as sexan satisfeitas, un lugar para investigar e experimentar, onde se colabore, se aprenda, compártanse experiencias, afectos e sentimentos...

ESCOLAS INFANTÍS PISTOIA

As escolas infantís de Pistoia, cidade italiana, forman parte do proxecto dos Servizos Educativos da cidade. Este proxecto converteuse nunha das propostas pedagóxicas máis importantes de Europa.

Este proxecto enmarcase dentro das liñas pedagóxicas xenerais das escolas Reggio-Emilia, e os puntos teóricos pódense concretar en:

- Protagonismo do neno/a. O neno/a desenvolve a súa identidade que fai del un ser único.
- Deixa de lado a concepción de aprendizaxe proposta por Piaget e céntrase nas teorías construtivistas de Bruner e Vigotsky, predomina polo tanto a visión cooperativa do aprendizaxe.
- A experiencia educativa é integral e nela téñense en conta a organización do espazo, o tempo, o ambiente, os materiais e as relación que se establecen entre os diferentes protagonistas (nenos/as, adultos, familias), así coma as relación entre a escola a sociedade e demais institucións.

- O neno/a como cidadán, inmerso nunha comunidade diversa e plural. O proxecto educativo ten que ter en conta a realidade social que lle rodea.
- Formación dos educadores/as como elemento de calidade dos servizos.
- A escola democrática, de todos e para todos, que define o dereito das familias á calidade de atención a seus fillos.

PEDAGOXÍA WALDORF

Despois da Primeira Guerra Mundial apareceu un movemento pedagóxico que se estendeu rapidamente por Europa e América del Norte. Foi un movemento de renovación social no que destacou Rudolf Steiner.

Creouse desta maneira a Pedagogía Waldorf, baseada no coñecemento profundo do ser humano e do mundo.

A pedagogía Waldorf desenvolveu un método de observación e investigación científica para coñecer ao ser humano na súa totalidade e que vai crescendo por etapas en cada cativo/a.

Os principios educativos da Pedagogía Waldorf ou antroposofía poderían sintetizarse nos puntos seguintes:

- Acoller o neno/a como una persoa única, respectando a individualidade
- Establecer con el una relación de confianza recíproca en si mesmo.
- Permitirlle descubrir, despregarse enxalzar as súas capacidades e as súas potencialidades: este papel é da escola.
- Axudar ao neno/a é tarefa conxunta de país e educadores/as.
- desenvolvemento, a madurez e o crecemento requiren o seu tempo
- A imitación e repetición determinan o aprendizaxe.
- A seriedade do xogo na nena/o.

2. ANÁLISE DA LEXISLACIÓN EUROPEA, ESTATAL E AUTONÓMICA DE SERVIZOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA NO ÁMBITO FORMAL E NON FORMAL.

LEXISLACIÓN INTERNACIONAL

CONVENCIÓN SOBRE OS “DEREITOS DO NENO” (NOVA YORK, 20 DE NOVEMBRO DE 1989)

A convención sobre os dereitos do neno é un conxunto de normas e obrigas que dan aos nenos un papel protagonista na construción dunha sociedade xusta, respectuosa e pacífica. Nela detallan os dereitos humanos básico e permanentes de todo os nenos de todo o mundo.

A convención sobre os dereitos do neno entrou en vigor o 2 de setembro de 1990. É un documento que xera un amplo consenso sendo o convenio sobre dereitos humanos máis exitoso da historia. Podería dicirse que a súa adopción é universal. En 2015, coa adhesión de Somalia e Sudán do Sur son 163 os estados que firmaron a adhesión á convención.

É significativo o caso de estados unidos que máis de 30 anos despois da redacción do documento segue sen ratificalo amparándose en que de acordo o a convención os nenos e nenas son suxeitos de dereito, feito este que, de acordo a unha parte significativa do senadores estadounidense, podería socavar os dereitos dos pais.

LEXISLACIÓN DE ÁMBITO NACIONAL:

CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA

Cúspide do ordenamento xurídico español. A continuación preséntase os puntos mais importantes da Constitución en relación cos menores:

- No seu título primeiro fala dos Dereitos e Deberes Fundamentais. concretamente, no seu artigo 10 di que a dignidade da persoa, os dereitos que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, e o respecto á lei aos dereitos de outros son fundamentais para a orde política e a paz social incluíndo os dereitos do neno.

- No artigo 27, explicase no seu primeiro punto no que todo o mundo ten dereito á educación e recoñece a liberdade de ensinanza.
- No artigo 39 instaura a protección da familia e a infancia. A través dos poderes públicos, asegúrase a protección social, económica e xurídica da familia e a protección integral dos fillos, así como a prestación de asistencia aos pais en todo caso e circunstancia.

Da Constitución Española, como marco de referencia, desprendese una serie de leis que regulan diferentes ámbitos que afectan á infancia: a protección xurídica do menor, a responsabilidade penal do menor, a ordenación do sistema educativo e o sistema sanitario.

CÓDIGO CIVIL

É o conxunto de normas xurídicas e principio que regulan as relacións persoais ou patrimoniais entre persoas privadas, tanto físicas como xurídicas, entre persoas privadas e públicas, ou incluso entre estas.

LEI DE AXUIZAMENTO CIVIL

España desenvolve a Lei 21/1987, do 11 de Novembro, pola que se modifican determinados artigos do Código Civil.

A presente lei establece que son os dereitos dos pais biolóxicos ou outros os que deben preservarse como criterio na toma de decisión, sino os dereitos dos nenos/as.

Neste sentido prioriza as seguintes aportacións:

- Procurarase a reinserción do menor na familia de orixe.
- A adopción como solución definitiva cando a familia natural non pode ser rehabilitada.
- acollemento familiar cando se require una solución temporal.

LEI 1/1996 DE 15 DE XANEIRO DE PROTECCIÓN XURÍDICA DA MENOR E DE MODIFICACIÓN DE DETERMINADOS ARTIGOS DO CÓDIGO CIVIL E DA LI DE ENXUIZAMENTO CIVIL (BOE, 15 XANEIRO DE 1996).

Esta Lei constitúe a modificación de algún precepto do Código Civil.

A súa intención é a reforma en profundidade das tradicionais institucións de protección do menor e ampliar nesta a todos os poderes públicos, ás institucións especificamente relacionadas cos menores, aos pais e familiares e aos cidadáns en xeral. Todo o redactado desta Lei é moi importante no referente ao neno/a.

LEI ORGÁNICA 2/2006, DE 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

Regúlase e estrutúrase o sistema educativo, sinalando que a primeira do mesmo é a Educación infantil.

A LEI ORGÁNICA 8/2013, DO 9 DE DECEMBRO, PARA A MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA (LOMCE)

Coñecida popularmente como «lei Wert» en alusión a Juan Ignacio Wert, ministro de educación que a propuxo. Foi aprobada no ano 2013, modificando modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e seis artigos e unha disposición adicional da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación (LODE).

Algunhas das principais modificacións que se introducen coa entrada en vigor da Lomce son as seguintes:

- A área de relixión católica recupera a validez académica, contando no expediente e para a solicitude de becas. A asignatura de relixión ten como alternativa a asignatura de valores sociais e cívicos póneno así fin a materia de educación para a cidadanía.
- O consello escolar, órgano de goberno colexiado, perde competencias en favor da dirección do centro.
- Introduce probas de avaliación final para a obtención do título de graduado na E.S.O e do título de bacharelato cos obxectivos, entre outros, de «garantir que todos os alumnos e alumnas alcancen os niveis de aprendizaxe adecuados... conforme ó título pretendido» e de normalizar «os estándares de titulación en toda España»

- Gañan relevancia as asignaturas troncais con respecto de asignaturas específicas e de libre configuración autonómica». A LOMCE distingue entre «materias troncais», «materias específicas» e «materias de libre configuración autonómica» —nesta última categoría é onde se inclúe a materia Lingua Cooficial e Literatura naquelas comunidades autónomas que a posúan—. O artigo 1.5, que engade o artigo 6 bis a LOE, establece que corresponde ao Goberno determinar os contidos das materias troncais mentres as Administracións educativas poderán «complementar os contidos das materias troncais» e «establecer os contidos dos bloques de materias específicas e de libre configuración autonómica».

LEI ORGÁNICA 3/2020, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE MODIFICA LOE DE 2006 (LOMLOE)

Coñecida como Lei Celaá, polo apelido da entón ministra de Educación, Isabel Celaá, é a nova lei orgánica que rexe o sistema educativo español en substitución da LOMCE. Foi probada en primeira instancia polo Congreso dos Deputados o 19 de novembro de 2020. A LOMLOE foi impulsada polas dúas forzas políticas de esquerdas socias de goberno (PSOE e Unidas Podemos) e recibiu o apoio de partidos minoritarios independentistas, nacionalistas, rexionalistas e de esquerdas.

Os principais elementos diferenciais da lei eu que ó mesmo tempo resultaron

- A LOMLOE non determina que o castelán sexa a lingua vehicular no ensino, a diferenza da LOMCE que así o establecía por primeira vez na historia do período democrático. «As Administracións educativas garantirán o dereito dos alumnos e as alumnas para recibir ensinamentos en castelán e nas demais linguas cooficiais nos seus respectivos territorios, de conformidade coa Constitución Española, os Estatutos de Autonomía e a normativa aplicable», límitase a dicir a lei.
- Partindo do principio establecido pola lei de que «a educación pública constitúe o eixo vertebrador do sistema educativo», e co fin de acabar co que a lei chama «segregación escolar» (o feito de que a inmensa maioría dos alumnos de familias con menor renda vaian aos colexios e institutos públicos, polo que se insta ás administracións educativas a que establezan «unha proporción equilibrada do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que deba ser escolarizado en cada un dos centros públicos e privados concertados») A lei prohíbe o pago polas actividades extraescolares que se realicen en horario escolar e que os concellos poidan ceder chan público para construír colexios privados ou concertados.

NORMAS AUTONÓMICAS

As comunidades asumiron competencias en materia educativa e de atención á infancia. Elaboran e regulan a súas propias normas, tendo en conta o establecido anteriormente.

No tocante á educación infantil na nosa comunidade autónoma estamos estreando nova normativa de currículo. Despois de un período extraordinariamente longo de vixencia do decreto 330/2009, de 4 de xuño, foi derogado en favor do decreto 150/2022, de 9 de setembro polo que se establece a ordenación de currículo da educación infantil na comunidade autónoma de Galicia.

No seu artigo 8 o decreto de currículo establece as competencias clave da etapa que son as que seguen:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL)
- b) Competencia plurilingüe (CP)
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)
- d) Competencia dixital (CD)
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)
- f) Competencia cidadá (CC)
- g) Competencia emprendedora (CE)
- h) Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)

3. INTERVENCIÓN EDUCATIVA EN CONTORNAS BILINGÜES. LEXISLACIÓN ESPECÍFICA E SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DE GALICIA.

A realidade social europea na que vivimos, un contexto de globalización e de mobilidade laboral, sitúanos nun espazo internacional de plurilingüísmo. Esta nova realidade esixe un marco educativo que atenda esta necesidade social, posibilitando a capacitación efectiva do alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o uso do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que dispoñerán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, de conformidade coas disposicións precedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega á Administración, ao ensino e aos medios de comunicación públicos, favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma a novas esferas da vida social. Ou Decreto que rexe actualmente a normativa da lexislación lingüística en Galicia é o Decreto 79/2010, do 20 de Maio, para o plurilingüísmo na ensinanza non universitaria de Galicia.

Este decreto baséase no marco lingüístico establecido pola Constitución española de 1978 e polo Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. Ademais, desenvolve a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no relativo ao uso do galego no ensino nos niveis non universitarios, e a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O ámbito de aplicación deste decreto é de aplicación en todos os centros docentes sostidos con fondos públicos, así como nos privados que imparten as ensinanzas

reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

As programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

Garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.

PLURILINGÜÍSIMO NA EDUCACIÓN INFANTIL

Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, se ben deberá ter en conta a lingua do ámbito e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.

A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará os pais, nais, titores/ás ou representantes legais do alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.

Cada centro educativo deberá facer constar no seu proxecto lingüístico as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais.